



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 20 de febreiro de 2019**

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 13 de febreiro de 2019.
2. Autorízase a instalación dun ascensor exterior ao Museo Municipal Manuel Torres, Marín.
3. Apróbase o proxecto de obras de “Prolongación da rede de saneamento da rúa da Costa”, cun orzamento de 39.960,88 euros, incluídas no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
4. Dáse conta da autorización da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a contratación anticipada de 3 traballadores para a realización da obra ou servizo denominado “Salvamento e socorrismo” ao abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais.
5. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Solicítase axuda correspondente ao Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, con destino ó financiamento das obras de “Mantemento da estrada rural Ameal-Ruanova (O Campo – Marín), cun orzamento de 49.063,95 euros.
2. Solicítase subvención á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ao abeiro das subvencións destinadas á creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 50.000 habitantes para o ano 2019, con destino ó financiamento do “proxecto básico e de execución para demolición de edificio e acondicionamento de solar na rúa Concepción Arenal”, cun orzamento de 138.230,34 euros.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30002851F00H9Z3A7O1V9Y5 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190165151
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 28/02/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/02/2019 09:22:39	Fecha: 28/02/2019 Hora: 09:22

